

Texto e ilustracións: **DANIELA KULOT**

Tradución: **CARLOS HERAS**

Encadernado en cartón. 23x29,7 cm.

32 páxinas en color. Dispoñible en:

-Galego: "Unha familia normal"  
ISBN 978-84-15250-08-1

-Castelán: "Una familia normal"  
ISBN 978-84-15250-07-4

-Portugués: "Crocodilo e girafa. Uma família igual às outras". ISBN 978-989-8205-61-2

Prezo: 15 €

## UNHA FAMILIA NORMAL


**...Coma tantas outras parellas que se queren, teñen fillos: Croquila, unha cría de crocodilo, e Rafolo, un bebé xirafa. Xuntos, forman unha familia coma calquera outra. Iso si, un pouco especial...**

"Unha familia normal" é a continuación da serie protagonizada por Xirafa e Crocodilo, que consta dos álbums titulados "Crocodilo namorado", "Unha casa a medida" e "Unha parella diferente". Nesta nova entrega Daniela Kulot introduce dous personaxes máis: Croquila e Rafolo, unha pequena xirafa verde e un pequeno crocodilo con manchas marróns. A familia creceu e todos xuntos demostran que non só poden desenvolver unha convivencia perfectamente normal, senón que ademais forman un bo equipo, capaz de salir airoso de calquera peripecia.

Estouta aventura transcorre na piscina, onde unha inesperada avaría provoca un gran rebumbio do que logran saír grazas ao enxeño e á audacia das crías de xirafa e crocodilo. Unhas ilustracións dinámicas e de vivas cores contribúen a crear un libro divertido e atractivo para os lectores infantís, mentres asimilan conceptos como tolerancia, respecto polas diferenzas e estruturas familiares diferentes ás convencionais.

**DANIELA KULOT** (Schongau, 1966)

Os pinceis e os lapis forman parte da vida desta autora e ilustradora dende a súa mocidade. En 1988 iniciou os seus estudos de educación artística e alemán na Universidade de Augsburg, aos que seguiron outros cursos de deseño gráfico e ilustración. A partir de 1993 comezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora freelance. Completou a súa formación na Escola de Belas Artes de Munich. Empezou a visitar feiras internacionais de literatura infantil, como a de Boloña, e a súa primeira oportunidade chegou a través da editorial alemá Thienemann. En 1999 comezou a dar clases de debuxo na Escola Profesional de Augsburg. A súa obra tamén se expuxo na Bienal Internacional de Bratislava (1997), no museo de Günzburg (2001), e na Feira de Arte de Nagama, en Xapón (2002), entre outras cidades.



- **Temática:** familia, amor, parella
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** aceptación das diferenzas, tolerancia e convivencia; o respecto aos demais, a superación das dificultades, os sentimentos; da autora e ilustradora de "Crocodilo namorado", "Unha casa a medida", "Unha parella diferente", "Co dedo no nariz", "Que lería de cordóns!" e "Leopoldo e Casilda".

